Así o din, outorgan e asinan por duplicado, en presenza da fedataria actuante, no lugar e data expresados no encabezamento.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

CONTRATO ADMINISTRATIVO

Número 051 /2022

Na Coruña, a seis de maio de dous mil vinte e dous.

Ante min, DONA AMPARO TABOADA GIL, Secretaria da Excma. Deputación provincial da Coruña,

INTERVEÑEN

DON XOSÉ LUÍS PENAS CORRAL, deputado provincial, por delegación de DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña

e

DON ISIDORO HORNILLOS BAZ, con Documento Nacional de Identidade número 32426699B, que exhibe e retira, e comparece en nome e representación da FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, CIF G15103500, segundo resulta dos estatutos inscritos co número F-00324 no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria o 29-12-2018 e presentados na Xunta de Galicia o 08-01-2019 e do certificado do Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo de data 2 de maio de 2022.

Considéroos coa capacidade necesaria para outorgar o presente contrato de SERVIZOS DE COORDINACIÓN DAS CARREIRAS QUE INTEGRAN O "VIII CIRCUÍTO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONTROL TÉCNICO DAS MESMAS. CÓDIGO PCO.001.2022.00214 e para ese efecto

EXPOÑEN

A) Que a Excma. Deputación provincial da Coruña, mediante Resolución da Presidencia número 19006 de data 22/04/2022, aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas para a contratación dos SERVIZOS DE COORDINACIÓN DAS CARREIRAS QUE INTEGRAN O "VIII CIRCUÍTO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN DA CORUÑA" E O CONTROL TÉCNICO DAS MESMAS. CÓDIGO PCO.001.2022.00214 e dispuxo a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade por apreciar que concorren as circunstancias previstas no apartado a) 2º do artigo 168 da LCSP.

B) Que este contrato se rexe polo prego de condicións que igualmente se une por copia ao presente documento e forma parte integrante do mesmo, do que resulta, entre outros particulares, que:

a) Establece como orzamento máximo de licitación o de 33.246,00 €.

b) Sinala como prazo de execución do contrato desde a data de formalización do contrato en documento administrativo ata o 31 de decembro de 2022.

c) Dispón que o prezo do contrato sexa abonado segundo establece a cláusula 27 do Prego.

d) Fixa como prazo de garantía o dun mes.

e) Prevé os supostos de rescisión e resolución e o alcance das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar.

C) A empresa adxudicataria presentou documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e autoriza á Deputación Provincial da Coruña para que lle sexa practicada a retención no prezo do contrato como medio para constituír a garantía definitiva, ata o importe do 5% do prezo de adxudicación IVE excluído, sobre o importe da factura que se presente.

D) Que unha vez cumpridos os trámites da contratación, o contrato foi adxudicado á FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, segundo consta na Resolución da Presidencia número 21560 de data 05/05/2022 cuxa copia se une a este documento e forma parte integrante do mesmo, nas seguintes condicións:

Prezo do contrato:

A) Prezo: 32.246,00 €
B) Exento de IVE: 0,00 €
C) TOTAL (A+B): 32.246,00 €

Desagregación:

Concepto	Oferta €
Trofeos	2.000,00
Xestión: Viaxes, coordinación, publicidade (montaxe)	12.000,00
Gastos entidades organizadoras	18.000,00
Elementos publicitarios estáticos co logo da Deputación	246,00
Base impoñible	32.246,00
Exento de IVE	0,00
TOTAL	32.246,00

Por todo o cal,

OUTORGAN

PRIMEIRO.- A Excma. Deputación Provincial da Coruña, representada polo seu Presidente, e a empresa/entidade por DON ISIDORO HORNILLOS BAZ formalizan por medio do presente documento o contrato administrativo que foi referenciado nos precedentes capítulos expositivos.

SEGUNDO.- Ambas as partes obríganse ao exacto cumprimento do contrato, con suxeición ao prego de condicións reitoras e á normativa que rexe a contratación nas Corporacións Locais.

TERCEIRO.- Todos os gastos e exaccións de calquera orde que graven o contrato e documentos en que este se formaliza son de conta e cargo do adxudicatario.